



BOP

JUEVES, 25 DE MARZO DE 2010

Nº 68

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU - 1 - 1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Teléf.: 982 26 01 24/25/26 - fax: 982 26 02 05

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Delegación Territorial de Lugo

Resolución do 1 de marzo de 2010 do Departamento Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica do Concello de Palas de Rei. (Nº expte: IN407A 2009/94-2-7555-AT).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: VANESSA VILLARABIDE CARRIL.
- Domicilio social: R/. ALCALDE SABINO FUCIÑOS BUJÁN, 15800, MELIDE.
- Denominación: LMT, CT E LBT GRANXA REMONDE.
- Situación: CONCELLO DE PALAS DE REI.
- Características técnicas:
 - LMTA a 20 kv, con orixe no apoio existente nº 53 da LMT a CT Granxa de Visóns e final no CT aéreo proxectado granxa Remonde, cunha lonxitude de 16 metros en conductor tipo LA-56.
 - CT aéreo cunha potencia de 50 kva e unha relación de transformación de 20.000/400-230V.
 - LBTS con orixe no CT granxa Remonde cunha lonxitude de 12 metros en conductor tipo RV-95.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados estableci-

dos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 1 de marzo de 2010.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 01382

Resolución do 4 de marzo de 2010, do Departamento Territorial de Lugo da Consellería de Economía e Industria pola que se autoriza, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, para os efectos da urxente ocupación, a instalación eléctrica "LMT. derivada a Vilarreme", no Concello do Saviñao. (Expediente 016/2008 AT).

Examinado o expediente instruído a instancia de Unión Fenosa Distribución SA, con enderezo para os efectos de notificación na Batundeira 2, Velle, Ourense, aprécianse os seguintes

Antecedentes de feito.

Primeiro.- Con data do 25 de abril de 2008, a citada empresa solicita a autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública, en concreto, para a instalación dunha liña de media tensión derivada a Vilarreme (O Saviñao), presentando o preceptivo proxecto das instalacións a que fai referencia o Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, (BOE 27 de decembro do 2000, núm. 310) que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e a relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados pola instalación que determina o artigo 53 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico (BOE do 28 de novembro de 1997, núm. 285) e o artigo 143 do Real Decreto 1.955/2000, antes citado, que a desenvolve.

Segundo.- Examinado polos servizos técnicos deste Departamento Territorial o proxecto da instalación descrita, requiriuse á empresa promotora para que subsanase as deficiencias sinaladas nos informes técnicos de datas 23-03-2009 e 08-10-2009. Con datas 22-04-2009 e 19-11-2009 a empresa promotora presenta a documentación solicitada.

Terceiro.- O proxecto someteuse a información pública para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, mediante resolución deste Departamento Territorial de Economía e Industria de Lugo do 16 de decembro de 2009. Esta resolución foi publicada no DOG do 20 de xaneiro de 2010, no BOP de Lugo do 13 de xaneiro, no diario El Progreso de Lugo do 14 de xaneiro, no taboleiro de anuncios deste Departamento Territorial e no taboleiro de anuncios do Concello do Saviñao. Con esta resolución se insería a relación de bens e dereitos afectados.

Así mesmo, practicouse notificación individual aos interesados incluídos na referida relación de bens e dereitos afectados.

Cuarto.- Enviáronselles separatas relativas ao proxecto aos diferentes organismos afectados e se cumpriron os trámites establecidos a este respecto no artigo 131 do Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro.

Quinto.- Durante o período en que se someteu ao trámite de información pública non se presentou ningunha alegación.

Sexto.- Polos servizos técnicos deste Departamento Territorial emítese informe favorable sobre a solicitude obxecto deste expediente, de acordo co disposto na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e o disposto no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro. Igualmente, unha vez revisado sobre o terreo o trazado da liña eléctrica proxectada, infórmase polos referidos servizos técnicos que non se da ningunha das limitacións para a imposición da servidume de paso de enerxía eléctrica ás que se refire o artigo 161 do Real Decreto 1.955/2000, en relación co artigo 57 da Lei 54/1997, sobre as fincas incluídas na relación de bens e dereitos que foi obxecto de información pública e sobre as que a empresa beneficiaria non chegou a un acordo amigable cos seus propietarios.

A estes feitos son de aplicación os seguintes

Fundamentos de dereito.

Primeiro.- O Departamento Territorial de Lugo da Consellería de Economía e Industria é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia; no Decreto 83/2009, do 21 de abril polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia; no Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as Delegacións Territoriais

da Xunta de Galicia; no Decreto 36/2001, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, e a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do Sector Eléctrico.

Segundo.- No expediente cumpríronse os trámites sinalados no artigo 53 da citada Lei 54/1997, e os regulamentarios ordenados nos capítulos II e V do título VII do Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Terceiro.- Consonte o artigo 151 do citado Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, en calquera momento a empresa beneficiaria e os titulares dos necesarios bens e dereitos poden convir un mutuo acordo, causando a correspondente conclusión do expediente expropiatorio.

De acordo co que antecede e en virtude das competencias que ten atribuídas, este Departamento Territorial

RESOLVE:

Primeiro. Autorizar a Unión Fenosa Distribución, S.A. o establecemento da liña de media tensión derivada a Vilarreme, no Concello do Saviñao, coas seguintes características técnicas principais:

1.- Liña de media tensión aérea desnuda ao CTC Vilarreme, con orixe no apoio metálico existente nº D110-A49 da liña de media tensión existente CHA8034756 procedente da subestación Chantada e final no centro de transformación Vilarreme, de 234 m. de lonxitude, a 20 kV sobre apoios de formigón, en condutor LA-56/54,6 mm².

Segundo. Aprobar o proxecto de execución da instalación eléctrica denominado "LMT. derivada a Vilarreme" visado o día 17/04/2008 co número CO081176 e o seu anexo visado o día 11-11-2009 co número CO093361, e asinados polo enxeñeiro industrial Rubén Menéndez Fernández.

Terceiro. Declarar a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica obxecto do presente expediente, o que implica a necesidade de ocupación dos bens ou da adquisición dos dereitos afectados e a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa. Por isto, en cumprimento do disposto neste artigo, acórdase que polo representante da Administración se dea comezo, na data e hora que a cada interesado se lle notificará individualmente, ao levantamento das actas previas á ocupación dos predios contidos na relación de bens e dereitos publicada no diario El Progreso do 14 de xaneiro de 2010, no Diario Oficial de Galicia do 20 de xaneiro e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 13 de xaneiro e expostas no taboleiro de anuncios deste Departamento Territorial e no taboleiro de anuncios do Concello do Saviñao. Así mesmo, se fai constar que ata o momento do levantamento das actas previas, poderanse formular as alegacións que se consideren oportunas, aos efectos de rectificar posibles erros na relación

de bens afectados que foi obxecto de publicación nos medios e nas datas anteriormente referidos. Estas alegacións deberanse presentar por escrito perante este Departamento Territorial de Economía e Industria, sito no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Rolda da Muralla 70, código postal 27071, Lugo).

Todo isto de acordo coas condicións seguintes:

Primeira.- As instalacións que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e planos que figuran no proxecto "LMT. derivada a Vilarreme e o seu anexo", presentados pola empresa Unión Fenosa Distribución, S.A.

Segunda.- O peticionario asegurará o mantemento e a vixancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira.- En todo momento deberase cumprir canto establece a lexislación técnica de liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, de acordo co Decreto 3.151/1968, do 28 de novembro, así como, de ser o caso, a lexislación aplicable ás instalacións de baixa tensión e as súas instrucións técnicas complementarias de acordo co Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, ademais do resto de normativa e directrices vixentes que sexan de aplicación.

Cuarta.- Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria autorización previa deste Departamento Territorial de Lugo da Consellería de Economía e Industria.

Quinta.- O prazo para a execución das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data de notificación/publicación desta resolución.

Sexta.- A Administración reserva para si o dereito de deixar sen efecto esta autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1.775/1967, do 22 de xullo, por incumprimento das condicións impostas ou por calquera outra causa excepcional que o xustifique.

Sétima.- Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

A publicación desta resolución se realiza tamén para os efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co establecido no artigo 5 da Lei de Expropiación Forzosa de 1954.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación / publicación nos termos establecidos nos artigos 107, 110, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro) sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que consideren pertinente.

Lugo, 4 de marzo de 2010.- O Xefe Territorial de Lugo, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 01386

Resolución do 3 de marzo de 2010 do Departamento Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica do Concello de O Saviñao. (Expediente IN407A 2009/5-7449-AT).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

- Solicitante: UNION FENOSA DISTRIBUCION, S.A.
- Domicilio social: A BATUNDEIRA, 2, 32960, VELLE, OURENSE.
- Denominación: LMT AÉREA A CT SAMPIL.
- Situación: CONCELLO DE O SAVIÑAO.
- Características técnicas:
 - LMTA a 20 kv con orixe no apoio D34-91X da LMT MOF808 e final no CT proxectado, cunha lonxitude de 66 metros, en conductor tipo LA-56.
 - CT intemperie de Sampil, cunha potencia de 50 kva e unha relación de transformación de 20.000/400-230V.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, no prazo de vinte días.

Lugo, 3 de marzo de 2010.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 01387

Resolución do 3 de marzo de 2010 do Departamento Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica do Concello de Monforte de Lemos. (Expediente IN407A 2009/188-2-7447-AT).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

- Solicitante: UNION FENOSA DISTRIBUCION, S.A.
 - Domicilio social: A BATUNDEIRA, 2, 32960, VELLE, OURENSE.

- Denominación: LMTS E CT ROBERTO BAAMONDE.

- Situación: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

- Características técnicas:

- LMTS a 20 kv con orixe na LMTS existente MOF8071245 entre o CT Os Chaos e o CS Parador San Vicente e final no CT proxectado, cunha lonxitude de 14 metros, en conductor RHZ-240.

- CT non prefabricado de manobra exterior Roberto Baamonde, 129-131, cunha potencia de 400 kva e unha relación de transformación de 20.000/400-230V.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, no prazo de vinte días.

Lugo, 3 de marzo de 2010.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 01388

Consellería de Traballo e Benestar

Delegación Territorial de Lugo

RELACIONES LABORAIS.

CONVENIOS COLECTIVOS.

Exp. 0018-2006 (Código 2700782) (REVISION).

Visto o acordo para a revisión salarial do convenio colectivo para a empresa APARCAMIENTOS MIÑO, asinado o día 4 de marzo de 2010, pola representación da mentada empresa e a dos seus traballadores, e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 1/95, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real Decreto 1.040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

ESTE DEPARTAMENTO TERRITORIAL, ACORDA:

PRIMEIRO: Ordena-la inscrición da revisión do citado convenio colectivo no rexistro de convenios deste Departamento, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Remítí-lo texto da revisión do mentado convenio colectivo á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

TERCEIRO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 12 de marzo de 2010.- O Xefe Territorial, Antonio Dacal López.

ACTA DE LA CONSTITUCION DE LA COMISIÓN NEGOCIADORA DEL II CONVENIO COLECTIVO DE APARCAMIENTOS MIÑO.

En Lugo, sendo as 13:00 horas do día 22 de febreiro do 2010, reúnenos nos locais de Comisi3ns Obreiras (CC.OO) sitios nos locais da Ronda da Muralla, 58-4ª planta 27002 Lugo, as persoas que se citan a continuación, na representación que ostentan:

Pola representación dos traballadores:

- D. Víctor Jesús Núñez Dorado.

- D. Plácido José Cazón Lamas (asesor de CC.OO).

- D. Dionisio L. Fernández Couso (asesor de CC.OO).

Pola representación da empresa:

- D. Francesc Codorniu Pérez.

ACORDOS:

PRIMEIRO.- En aplicación do disposto no artigo 31 do Convenio, acórdase constituir a Comisión Paritaria do II convenio de Aparcamientos Miño e seguintes que poidan acordarse, polo que as partes designan como membros da Comisión, as seguintes persoas:

Pola representación dos traballadores:

- D. Víctor Jesús Núñez Dorado.

- D. Plácido José Cazón Lamas (asesor de CC.OO).

- D. Dionisio L. Fernández Couso (asesor de CC.OO).

Pola representación da empresa:

- D. Francesc Codorniu Pérez.

SEGUNDO.- A Comisión Paritaria acorda reunirse o vindeiro 4 de marzo de 2010 para revisar as táboas salariais en base o art. 12 do II convenio colectivo da Empresa Aparcamientos Miño para o ano 2009, que sexan referentes para o ano 2010.

Sen máis asuntos que tratar, e sendo as 14:00 horas do día 22 de febreiro de 2010, levántase a sesión.

Asinado.

D. Víctor Jesús Núñez Dorado.

(Representante dos traballadores).

D. Plácido José Cazón Lamas.

(Asesor de CC.OO).

D. Dionisio L. Fernández Couso.

(Asesor de CC.OO).

D. Francesc Codorniu Pérez.

(Representante da empresa).

ACTA.

En Lugo, sendo as 10:00 horas do día 4 de marzo do 2010, reúnenos nos locais de Comisi3ns Obreiras (CC.OO) sitios nos locais da Ronda da Muralla, 58-4ª planta 27002 Lugo, a Comisión Paritaria do convenio colectivo as persoas que se citan a continuación:

Pola representación dos traballadores:

- D. Víctor Jesús Núñez Dorado.
- D. Plácido José Cazón Lamas (asesor de CC.OO).
- D. Dionisio L. Fernández Couso (asesor de CC.OO).

Pola representación da empresa:

- D. Francesc Codorniu Pérez.

Se chega ós seguintes acordos:

Primeiro.- Revisar as táboas salariais en base o art. 12 do II convenio colectivo da Empresa Aparcamientos Miño para o ano 2009, que sexan referentes para o ano 2010 (axúntase como anexo I).

Segundo.- Remitir as actas xunto coas táboas salariais máximas do ano 2009 á Consellería de Traballo para a súa revisión e posterior publicación no Boletín Oficial. Axúntase como anexo II copia do artigo 12 do II convenio colectivo da Empresas Aparcamientos Miño donde se especifica o apartado de revisións salariais.

Terceiro.- Chegase o acordo que presente a documentación na Consellería de Traballo José Luís del Oro Quinteiro, na súa calidade de representante da empresa Interparking Hispania, S.A., o Víctor Jesús Núñez Dorado en calidade de representante dos traballadores.

Sen máis que tratar, levántase a sesión.

Asinado.

- D. Víctor Jesús Núñez Dorado.
(Representante dos traballadores).
- D. Plácido José Cazón Lamas.
(Asesor de CC.OO).
- D. Dionisio L. Fernández Couso.
(Asesor de CC.OO).
- D. Francesc Codorniu Pérez.
(Representante da empresa).

ANEXO I: TABOAS SALARIAIS MAXIMAS DO ANO 2009, QUE SERÁN REFERENTES PARA O ANO 2010 DO II CONVENIO COLETIVO DE APARCAMENTOS MIÑO.

Os importes contidos nestas táboas salariais se actualizan cada ano tendo en conta os incrementos salariais que figuran no art. 12, con efectos de retroactividade do 1 de xaneiro do ano 2009.

ENCARGADO:

Traballador.

Soldo base	Plus convenio.	Complemento do posto de traballo.	Quebrantamento de moeda.
1.654,91 €.	95,42 €.	275,75 €	32,60 €.

GUARDA CAIXEIRO OU TAQUILLEIRO:

Traballador.

Soldo base	Plus convenio.	Complemento do posto de traballo.	Quebrantamento de moeda.
879,48 €.	95,42 €.	183,41 €.	30,04 €.

LIMPIADOR/A:

Traballador 100% da xornada.

Retribucións.

Soldo base	Plus convenio.
1.013,14 €.	95,41 €.

Asinado.

- D. Víctor Jesús Núñez Dorado.
(Representante dos traballadores).
- D. Plácido José Cazón Lamas.
(Asesor de CC.OO).
- D. Dionisio L. Fernández Couso.
(Asesor de CC.OO).
- D. Francesc Codorniu Pérez.
(Representante da empresa).

ANEXO II: COPIA DO ARTIGO 12 DO II CONVENIO COLETIVO DE APARCAMENTOS MIÑO.

Artículo 12º.- INCREMENTOS SALARIALES.- Sobre la tabla salarial anexa, se aplicarán los siguientes criterios de incremento salarial durante los años de vigencia:

- 1º año de vigencia: IPC real más 1 punto.
- 2º año de vigencia: IPC real más 0,5 puntos.
- 3º año de vigencia: IPC real más 0,5 puntos.
- 4º año de vigencia: IPC real.
- 5º año de vigencia: IPC real.

Estos incrementos salariales se aplicarán a todos los conceptos económicos que figuran en el convenio colectivo como referencia.

En función de lo pactado en el párrafo anterior, las partes se reunirán antes de la finalización del mes de enero de cada año para proceder a confeccionar las tablas salariales de ese año, procediéndose asimismo a su publicación.

Asinado.

- D. Víctor Jesús Núñez Dorado.
(Representante dos traballadores).
- D. Plácido José Cazón Lamas.
(Asesor de CC.OO).
- D. Dionisio L. Fernández Couso.
(Asesor de CC.OO).
- D. Francesc Codorniu Pérez.
(Representante da empresa).

RELACIONES LABORAIS.

CONVENIOS COLECTIVOS.

Exp. 012-2009 (Código 2700045) (REVISIÓN).

Visto o acordo para a revisión das táboas salariais para o ano 2010 do convenio colectivo para o sector INDUSTRIAS VINICOLAS, da provincia de Lugo, asinado o día 5 de febreiro de 2010, pola representación da Asociación de Empresarios Maioristas de Viños da Provincia de Lugo e da central sindical CC.OO (66.7 %), e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real Decreto Legislativo 1/95, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real Decreto 1.040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

ESTE DEPARTAMENTO TERRITORIAL, ACORDA:

PRIMEIRO: Ordena-la inscrición da revisión para o ano 2010 do citado convenio colectivo no rexistro de convenios deste Departamento, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Remiti-lo texto da revisión do mentado convenio á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

TERCEIRO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 12 de marzo de 2010.- O Xefe Territorial, Antonio Dacal López.

ASISTENTES.

Pola Asociación de Empresarios Maioristas de Viños da Provincia de Lugo.

JOSÉ ANTONIO NISTAL CASTRO.

JAVIER MÉNDEZ OTERO.

JOSÉ RIAÑO YANES.

Polas Centrais Sindicais:

CC.OO [66,7%].

JESÚS CASTRO BAAMONDE.

IGNACIO FERNÁNDEZ VILLAVERDE.

ACTA FIRMA

TÁBOA 2010

En Lugo, sendo as 17.00 horas do día 5 de febreiro de 2010, reúnen-se nos locais da Confederación de Empresarios de Lugo [Pz. Santo Domingo, nº. 6-8, 2º] as persoas á marxe relacionadas, membros todas elas da Comisión Negociadora do convenio colectivo de Industrias Vinícolas da Provincia de Lugo, e despois de amplos debates adóptanse os seguintes

ACORDOS:

Primeiro.- Aprobar a táboa salarial do ano 2010 do convenio colectivo de Industrias Vinícolas da Provincia de Lugo vixente.

Segundo.- Os atrasos por diferencias de salarios consecuencia da aprobación da táboa salarial se abonarán ós traballadores no prazo dun mes dende a publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Terceiro.- Remitir a presente acta e a táboa salarial aprobada á Autoridade Laboral competente ós efectos legais oportunos.

E en proba de conformidade, firman a presente acta as persoas á marxe relacionadas en lugar e data indicados no encabezamento.

Fdo.: José A. Nistal Castro, Javier Méndez Otero, José Riaño Yanes, Jesús Castro Baamonde, Ignacio Fernández Villaverde.

TABOA SALARIAL 2010.- CONVENIO DE INDUSTRIAS VINÍCOLAS DE LUGO

Vixencia: Dende o 1 de xaneiro de 2010 ó 31 de decembro de 2010.

GRUPO/CATEGORÍA PROFESIONAL	SALARIO BASE/MES	SALARIO BASE/AÑO	SALARIO GARANTIZADO/MES (1)
Grupo A.- Técnicos			
Encargado	674,91	9.448,74	677,30
Grupo B.- Administrativos			
Auxiliar Administrativo, Oficial 2ª	659,86	9.238,04	663,30
Grupo C.- Comerciales			
Viajante, Oficial 2ª	659,86	9.238,04	663,30
Grupo D.- Subalternos			
Limpiador/a	659,04	9.226,56	663,30
Grupo E.- Obreros			
E.1.- Profesionales de oficio			
Conductor carnet 1ª, oficial 1ª	670,45	9.386,30	672,30
Conductor repartidor, oficial 2ª	659,86	9.238,04	663,30
E.2.- Otros			
Almacenero, oficial 2ª	659,86	9.238,04	663,30
Mozo especialista	659,04	9.226,56	663,30

Plus de transporte para todas as categorías: 1,64 euros por día de traballo efectivo.

(1) Salario mínimo de convenio segundo o disposto no artigo 12º do texto de convenio.

R. 01385

AYUNTAMIENTOS

BECERREA

Edicto

Vodafone España, S.A.U., solicitou desta Alcaldía licenza municipal para proxecto básico de estación base de telefonía móbil en torre de 40 metros, que se situará en Chao do Monte, Cruzul-Becerreá. Cumprindo o disposto no parágrafo 3, do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante éste, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da última publicación do presente edicto no BOP e no Diario Oficial de Galicia, poidan examinar o expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Becerreá, 15 de marzo de 2010.- O Alcalde, ilexible.

R. 01373

BEGONTE

Información pública

Aprobado provisionalmente polo Pleno desta Corporación Municipal, con data 12 de marzo de 2010, a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización do Pavillón Polideportivo, conforme ao establecido no artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse ao público na Secretaría municipal polo prazo de trinta días hábiles, contados desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos do exame e da presentación das reclamacións que se estimen oportunas.

No suposto de non presentarse reclamacións aos mesmos entenderase dito acordo elevado a definitivo.

Begonte, a 15 de marzo de 2010.- O Alcalde-Presidente, José Antonio Vázquez García.

R. 01379

Anuncio

Aos efectos oportunos, e ao obxecto de dar cumprimento á normativa legal vixente, faise constar que o Pleno desta Corporación Municipal, na sesión de data 12 de marzo de 2010, prestou aprobación as bases que se relacionan a continuación e acordou a correspondente convocatoria pública coa apertura de prazo para a presentación de solicitudes:

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONES CULTURAIS, DEPORTIVAS E VECIÑAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2010.

O Concello de Begonte, a través da presente convocatoria, tenta apoiar ás entidades e asociacións que traballan no eido cultural, deportivo e social, na realización de actividades, aos efectos de contribuír a que acaden os obxectivos para os que foron creadas e fomenta-la participación dos veciños e veciñas, contribuíndo deste xeito a impulsa-la democratización da sociedade.

Artigo 1º.- Finalidade e obxecto.

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas ou actividades culturais e deportivas, conforme ao procedemento que a continuación se establece.

Para os efectos desta convocatoria, entenderase por programas ou actividades culturais e deportivas aquelas destinadas á promoción e cooperación cultural e deportiva e á difusión e animación sociocultural que contribúa ao espallamento e promoción da cultura e o deporte.

O período que se terá en conta para a realización das actividades será o exercicio económico do 2010.

Artigo 2º.- Beneficiarios.

Poderán optar ás subvencións da presente convocatoria as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas.
- Carecer de fins de lucro.
- Estar rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Begonte.
- Desenvolve-las súas actividades no ámbito do concello de Begonte.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao día nas obrigas tributarias co Concello de Begonte, coa Facenda Estatal e coa Seguridade Social.

Artigo 3º.- Contía.

O Concello de Begonte destinará unha cantidade máxima de 15.000,00 euros con cargo á aplicación presupuestaria 3.48 do exercicio 2010, e dentro do crédito

global destinado a "producción de bens públicos de carácter preferente/transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro".

As entidades poderán solicitar só unha subvención como máximo. A subvención concedida poderá financiar ata o 100% do orzamento de gastos presentados, sen que en ningún caso supere os 1.000,00 euros.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente, ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 4º.- Presentación de solicitudes, prazo e documentación.

As asociacións que desexen acollerse a esta convocatoria deberán presentar a correspondente solicitude, segundo o modelo normalizado que se facilitará ao efecto, no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, no prazo de corenta días (40) naturais seguintes á publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

Á solicitude xuntarase a documentación que a continuación se relaciona:

- Acreditación de que o/a asinante da solicitude actúa en nome e representación daquela.
- Memoria na que se detallan as actividades polas que se solicita a axuda así como un orzamento detallado de gastos e o importe da axuda solicitada.
- Certificado do nº de conta bancaria da asociación á que se ten que efectúa-la transferencia.
- Certificados expedidos pola Facenda Estatal e a Tesourería Xeral da Seguridade Social de encontrarse ao corrente das obrigas fiscais e da Seguridade Social.
- Certificado que acredite encontrarse ao corrente das súas obrigas fiscais con este Concello.
- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións establecidas polos artigos 13.2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Certificación do número de socios.
- Calquera outra documentación que o solicitante considere de interese para a avaliación da devandita solicitude pola Comisión.

O Concello de Begonte xestionará de oficio o certificado municipal de estar ao corrente das obrigas fiscais coa Administración Local, así como de estar inscritas no rexistro municipal de asociacións.

Artigo 5º.- Emenda de solicitudes.

Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase ao solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta

ou xunte os documentos preceptivos, coa advertencia de que de non o facer considerárase que desistiu da súa solicitude, segundo o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e de acordo co previsto nos artigos 42 e 92 da citada Lei.

Artigo 6º.- Instrucción e selección de solicitantes.

A concesión de subvencións realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva, por Resolución da Alcaldía, a proposta motivada da Comisión avaliadora.

A Comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- Presidente: Alcalde-Presidente do Concello.
- Vogais:

Concelleira de Cultura e Deportes, D^a M^a Teresa Ares Ares.

Voceiro do grupo municipal do PP, ou persoa en quen delegue.

Voceiro do grupo municipal do BNG, ou persoa en quen delegue.

Secretario: O da Corporación ou persoa en que delegue.

A comisión valorará os expedientes consonte aos seguintes criterios:

- A orixinalidade e carácter innovador do programa ou actividade a desenvolver, ata 8 puntos.
- A continuidade e estabilidade da actividade, ata 5 puntos.
- O interese sociocultural da actividade, ata 5 puntos.
- O número estimado de persoas que poidan ser beneficiadas coa realización do programa ou actividade, ata 5 puntos.
- Maior número de socios, ata 5 puntos.
- A participación de persoas con minusvalía, ata 5 puntos.

Artigo 7º.- Resolución.

A comisión de valoración estudiará e valorará as solicitudes presentadas e emitirá unha proposta de resolución motivando os criterios de reparto, e o Alcalde dictará a resolución que proceda, motivada, con indicación do obxecto e o importe do proxecto subvencionado, a porcentaxe da axuda concedida e a contía desta.

Artigo 8º.- Pagamentos e xustificación.

Os beneficiarios da subvención quedarán obrigados a xustificar o importe total concedido, antes do 1 de decembro de 2010, mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello, da seguinte documentación:

- Facturas orixinais ou fotocopia compulsada das mesmas.

- Un exemplar do programa, cartel anunciador e fotografías ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento da actividade subvencionada.

- Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Declaración xurada expedida polo perceptor de que foi cumprida a finalidade para a que se outorgou a subvención conforme ao proxecto presentado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- As axudas para festas patronais quedan excluídas desta convocatoria, regulándose polo establecido nas bases de execución do orzamento de 2010.

Begonte, 15 de marzo de 2010.- O Alcalde, José Antonio Vázquez García.

R. 01380

CASTROVERDE

Información pública

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día de 17 de decembro de 2009, de aprobación da ordenanza fiscal que modifica a reguladoras do imposto sobre bens inmoables, ó non presentarse reclamacións durante o período de exposición ó público, e dando cumprimento ó artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcríbese o texto íntegro da mesma.

ORDENANZA FISCAL Nº 1.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

A tenor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e o artigo 106 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e deconformidade así mesmo ao establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do Título II, e artigos 61 e seguintes, todos eles do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo e artigos 6, 7 e 8 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2004 de 5 de marzo, e as modificacións de ditos textos introducidas pola Lei 16/2007 de 4 de xullo, disposición adicional sétima e décima, regúlase mediante a presente ordenanza fiscal o Imposto sobre Bens Inmoables.

Artigo 1º.- Feito imponible.

O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmoables está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmoables rústicos, urbanos e sobre os inmoables de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmoables o sobre os servizos públicos aos que estean afectos.

- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufruto.
- d) Do dereito de propiedade.

A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde establecida no mesmo, determinará a non suxeición do inmovible urbano o rústico ás restantes modalidades previstas. Nos inmovibles de características especiais aplicarase esta mesma prelación, salvo cando os dereitos de concesión que podan recaer sobre o inmovible non esgoten a súa extensión superficial, suposto no que tamén se realizará o feito imponible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmovible non afectada por unha concesión.

Teñen consideración de bens inmovibles de natureza urbana, rústicos e bens inmovibles de características especiais, os definidos como tales nas normas que regula o Catastro Inmobiliario, os comprendidos nos seguintes grupos:

1. Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ao refino de petróleo e ás centrais nucleares.
2. As presas, saltos de auga e embalses, incluído o seu lecho ou vaso, excepto as destinadas exclusivamente ao rego.
3. As autoestradas, estradas e túneles de peaxe.
4. Os aeroportos e portos comerciais.

E lo coas especificacións contidas no artigo 23 do Regulamento de desenrolo do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto 417/2006 de 7 de abril, na súa redacción dada pola sentenza do Tribunal Supremo de 30 de maio de 2007. O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do solo.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No caso de bens inmovibles de características especiais, cando a condición de contribuínte recaia en un ou varios concesionarios, cada un deles o será pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción ou parte do inmovible directamente vinculada a cada concesión.

Para esa mesma clase de inmovibles de características especiais, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo o ente ou organismo público ao que se refire o parágrafo segundo do núm. 1 do artigo 63 do Texto Refundido de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004 na súa redacción dada pola Lei 16/2007, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

O disposto no apartado anterior será de aplicación, sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

As Administracións Públicas e os entes ou organismos considerados suxeitos pasivos, repercutirán a parte da cota líquida do imposto que corresponda, en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada arrendatario ou cesionario do dereito de uso.

Artigo 3º. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigacións tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.

2. Os coparticipantes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire a Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas Entidades.

3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitíranse aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles houbese adxudicado.

4. A responsabilidade esixírase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Exencións e afeccións reais.

1.- Exencións directas de aplicación de oficio: As comprendidas no Texto Refundido da Lei de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004.

2.- Exencións directas de carácter rogado: As comprendidas con tal carácter no Texto Refundido da Lei de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004.

3.- Exencións potestativas:

a) Os bens inmovibles de natureza urbana cuxa cota líquida sexa inferior a 6 euros.

b) Os bens de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos, posuídos no termo municipal sexa inferior a 6 euros.

4.- Con carácter xeral, a concesión de exencións terá efecto a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo. Porén, cando o beneficio fiscal se solicita antes de que a liquidación sexa firme, concederase se na data de devengo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu disfrute.

5.- Afección real na transmisión e responsabilidade solidaria na cotitularidade.

De acordo ao artigo 64 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004, nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmobles obxecto de ditos dereitos quedarán afectos ao pago da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria. A estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán expresamente aos comparecentes nos documentos que autoricen sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmobles asociadas ao inmovible que se transmite, sobre o prazo dentro do cal están obrigados os interesados a presentar declaración polo imposto, cando tal obriga subsista por non terse aportado a referencia catastral do inmovible, conforme ao apartado 2 do artigo 43 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias, sobre a afección dos bens ao pago da cota tributaria e, así mesmo, sobre as responsabilidades en que incorran pola falta de presentación de declaracións, o non efectualas en prazo ou a presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas, conforme ao previsto no artigo 70 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias.

6.- Responden solidariamente da cota deste imposto, e en proporción as súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades as que se refire o artigo 35.4. da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, si figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figurar inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

Artigo 5º. Base imponible.

1. A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ás normas reguladoras do Catastro Inmobiliario. A base imponible dos bens inmobles de características especiais non terá redución de forma xeral, salvo o disposto no artigo 67.2 do TRLHL na súa redacción dada por Lei 16/2007. Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e do xeito que a Lei prevea.

Artigo 6º. Reducións.

1.- A redución da base imponible será aplicable a aqueles bens inmobles, urbanos e rústicos, que se atopen nalgunha destas dúas situacións:

a) Inmovible cuxo valor catastral se incremente como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeral, en virtude da aplicación do novo relatorio total de valor aprobado con posterioridade ao 1-1-1997 ou por aplicación de sucesivos relatos totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 67 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais de 5 de marzo de 2004.

b) Cando se aprobe un relatorio de valores que dera lugar á aplicación de redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e cuxo valor ca-

stral se altere antes de finalizar o prazo de redución por:

- 1.- Procedemento de valoración colectiva de carácter xeral.
- 2.- Procedemento de valor colectiva de carácter parcial.
- 3.- Procedemento simplificado de valoración colectiva.
- 4.- Procedemento de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e subsanación de discrepancia e inspección catastral.

2.- A redución será aplicable de oficio coas normas contidas nos artigos 67, 68, 69 e 70 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004. Estas reducións, en ningún caso serán aplicables aos bens inmobles de características especiais, salvo as establecidas anteriormente e contidas en dito texto legal.

Artigo 7º. Base liquidable.

1.- A base liquidable será o resultado de practicar, no seu caso, na imponible as reducións que legalmente se establezan.

2.- A base liquidable, nos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa base imponible, salvo as específicas aplicacións que prevea a lexislación.

3.- A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imponible nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base do inmovible así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do valor catastral.

4.- O valor base será a base liquidable conforme ás normas do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004 de 5 de marzo e regulamentos de desenrolo.

5.- A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida no Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004 de 5 de marzo e regulamentos de aplicación.

Artigo 8º. Tipo de gravame e cota. O tipo de gravame será:

- a.- Para os bens inmobles de natureza urbana: O 0,40 por cento.
- b.- Para os bens inmobles de natureza rústica: O 0,40 por cento.
- c.- Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais: O 1,3 %.

Artigo 9º. Bonificacións.

